

Bloque 4. Tema 21.

A Transición e a consolidación da democracia

Tras a prosperidade económica dos anos 60 (freada pola crise de 1973), a sociedade española mudou o que fixo xurdir unha ansia xeral de cambio e de maiores liberdades. Xorden **diferenzas nas filas franquistas entre os sectores máis conservadores (o “bunker”) e aqueles que estaban a favor dunha pequena apertura (os “aperturistas”)**. Ademais, o estado de saúde do ditador e as crecentes dificultades políticas e económicas anunciaban a fin do réxime. Un réxime personalista que tiña moi difícil sobrevivir máis alá da morte de Franco, pero que a través da Lei de Sucesión deixaba claro o camiño a seguir para prolongar o réxime autoritario máis alá da morte do ditador, neste caso na figura do futuro monarca Juan Carlos I.

No ano 1973 prodúcese unha crise enerxética mundial (subida dos prezos do petróleo, acordada pola OPEP) que afecta gravemente a economía (aumento da inflación e do paro) deixando ao descuberto os defectos estruturais do desenvolvemento económico dos anos 60 (dependencia tecnolóxica do estranxeiro, elevado endebedamento de empresa pública, necesidade dunha reconversión industrial e de adaptarse ao novo ciclo tecnolóxico). Por outra parte, o **deterioro físico de Franco obrigoulle a designar a Carrero Blanco** (militar e home da súa máxima confianza, representante do sector “bunker”) **como presidente de Goberno** e a Arias Navarro como ministro de Gobernación. **Nese mesmo ano 1973 Carrero Blanco é asasinado nun atentado terrorista de ETA (a “operación Ogro”)**, afectando emocionalmente a Franco e privando ao réxime da persoa que podería dar continuidade ao Movemento despois do ditador. **Carrero foi substituído por Arias Navarro**, quen anuncia unha serie de reformas coñecidas como o **“espírito do 12 de febreiro”**: maior liberdade de prensa, elección de alcaldes, creación dunha lei de asociacións políticas (non de partidos políticos), unha reforma da lei sindical, pero sempre sen cambios radicais, dentro do marco normativo das Leis Fundamentais, e deixando fóra desa apertura ao comunismo. Este discurso timidamente aperturista quedou anulado polas duras críticas do “bunker” que, tendo sempre presente a guerra civil, está a defensiva ante o que presume é o final do réxime.

Nesta etapa **incrementáronse as forzas da oposición**, tanto no interior de España como no exterior. No interior destacan: **o grupo Tácito** (unha serie de políticos e intelectuais que pretenderon unha transformación do réxime a posicións máis democráticas desde dentro do sistema. Apostaban pola apertura de novos vieiros de participación na vida pública e polo efectivo respecto dos dereitos fundamentais), o aumento das críticas e o **distanciamento por parte da Igrexa** (salienta o caso de Añoveros, bispo de Bilbao, que defenderá o uso do euskera nas igrexas e que estivo a punto de ser expulsado de España), a **Unión Militar Democrática** (un sector do exército que defendía que a institución militar non debía ser un obstáculo para a democracia), as numerosas folgas e protestas de obreiros, universitarios e entidades veciñais e os **atentados terroristas levados a cabo por organizacións como ETA ou FRAP** (cinco membros destes dous grupos foron os últimos en pagar os seus crimes coa súa vida, a pesar das peticións internacionais de clemencia).

No exterior, distintos partidos e organizacións antifranquistas iniciaron un proceso de unidade para restablecer a democracia; en Francia: no ano 1974, créase a **Xunta Democrática por iniciativa de Santiago Carrillo (líder do PCE) para liderar a oposición ao franquismo** e o PSOE resolve a crise entre os afiliados do interior e os do exilio no **Congreso de Suresnes, elixindo a Felipe González como secretario xeral. O PSOE impulsa a Plataforma democrática** para aglutinar aos grupos políticos próximos a súa órbita ideolóxica. Os **contactos entre ambos partidos deron lugar á formación da Plataxunta en 1975.**

Por outra parte, en novembro de 1975, estando Franco en estado agonizante, a colonia africana do Sahara (onde o Goberno fixera unha promesa de realizar un referendo en 1973, xa que a Fronte Prolisaria reclamaba a independencia) é invadida en 1975 por unha marcha civil organizada polo rey Hassan II de Marrocos (**Marcha Verde**) coa que pretende invadir o territorio e anexionalo, ocupación que sería detida por petición da ONU. Días despois da retirada da marcha, asinou en Madrid un **acordo tripartito con Marrocos e Mauritania para que os dous países se repartiran a colonia do Sahara, sen ter en conta a opinión da poboación.**

Finalmente, **o ditador falece en novembro de 1975**, deixando a presidencia en mans de Arias Navarro e a xefatura de Estado a Juan Carlos de Borbón, quen foi nomeado rei e capitán dos tres exércitos e iniciou os trámites legais para configurar a España como Estado social e democrático de Dereito nun proceso coñecido como **Transición democrática (1975-1978).**

Tras a aprobación por parte das Cortes franquistas (coñecidas como as “**Cortes harakiri**”) da **Lei de Reforma Política, en novembro de 1976, ratificada en referendun o 15 de decembro de 1976**, que poñía as bases para a legalización dos partidos políticos, despois dun **violento mes de xaneiro de 1977** onde houbo **secuestros do GRAPO e a matanza dos avogados laboralistas** a mans da ultradereita, e tras a **legalización do PCE na Semana Santa de 1977** contra o parecer da cúpula militar que puxera como condición para permitir o anterior paso a legalización das formacións políticas menos o PCE, o Presidente Adolfo Suárez convocou **eleccións para unhas Cortes Constituíntes para o 15 de xuño de 1977**. Estas eleccións serían as primeiras dende a Segunda República. Concorreron a estes comicios numerosas formacións. **A victoria, sen maioría absoluta, foi para a UCD**, a formación política creada por Adolfo Suárez para seguir controlando o proceso de transición política dende os antigos aledaños franquistas. A segunda forza máis votada foi o PSOE. Tanto a formación creada por Fraga Iribarne, Alianza Popular, como o PCE foron as grandes perdedoras. Os partidos políticos extremistas quedaron foron do hemiciclo. A poboación española **votaba moderación e consenso e rexeitaba aquelas formacións que lembraban ao conflito da Guerra Civil**.

En **agosto de 1977** quedou constituída unha **comisión redactora do borrador do texto constitucional** para sometelo despois a un proceso de enmendas e melloras que duraría ata outubro do 78 en que foi aprobada polas Cortes e o **6 de decembro de 1978, aprobada en referendun pola cidadanía**. O resultado é un texto froito do consenso, intencionadamente ambigua para evitar que o texto puidera ser utilizado de forma partidista por unha formación, **inspirada en anteriores constitucións españolas (1876 e 1931) e textos do estranxeiro, progresista e democrática e cunha estrutura dogmática, no que se refire aos principios, e unha parte orgánica no que se refire á organización do Estado**.

A Constitución española de 1978 reconece a **soberanía popular baixo un réxime de monarquía parlamentaria** e establece que España é un **Estado social e democrático de dereito**. O rei reina, pero non goberna. Con todo ten a atribución de ser o Xefe das Forzas Armadas, aspecto este que lle permitiu parar o golpe de Estado de 1981. España, pola Constitución do 78 defínese como un **Estado unitario, pero descentralizado administrativamente en autonomías**, recuperando a solución territorial habilitada na Segunda República. De feito, Cataluña, País Vasco e Galicia son tratadas como nacionalidades históricas polo que poden chegar aos estatutos de autonomía pola vía rápida do artigo 151 en lugar do 143 que afectará a todas as demais. Cada autonomía terá un parlamento propio, un goberno e un Tribunal Superior de Xustiza.

Esta constitución recolle que España é un **Estado aconfesional**, se ben reconece que a relixión católica é a maioritaria do pobo español polo que terá unha consideración especial. Recolle os dereitos de deberes da cidadanía e o funcionamento das institucións do Estado. Recolle a posibilidade do **divorcio, os dereitos sociais, dereitos de folga, de asociación, de liberdade de prensa, pluralidade política e sindical**.

Esta constitución volve contemplar **dúas cámaras nas Cortes. O Congreso dos Deputados**, 350 deputados elixidos por sufraxio universal directo, en listas pechadas polos partidos, baixo o sistema D'Hont e de representación proporcional, e o **Senado, elixido por un sistema de listas abertas** e representación maioritaria. O Congreso exerce unha función de control sobre o goberno, dá a súa confianza ao mesmo e discute e elabora os proxectos de lei que unha vez aprobados deben pasar pola súa ratificación ou devolución no Senado. O Senado, a súa vez ten unha atribución de cámara para tratar os asuntos de tipo territorial que nunca foi ben densenvolvida.

A UCD, formación política creada por Adolfo Suárez, logrou gañar dúas convocatorias electorais, a de 1977 e a de 1979, pero en ambas non tiña a maioría absoluta. Esta formación era unha partido moi heteroxéneo, resultado da confluencia de individualidades políticas procedentes do antigo franquismo, democristianos, liberais e incluso da socialdemocracia. Os primeiros anos da Transición foron moi duros por varios factores: a crise económica de 1973, sentida en España dun xeito máis tardío, xerou taxas de inflación altas e un paro crecente que xerou un enorme malestar social con numerosas folgas. A gravidade da situación motivou os Pactos da Moncloa como un acordo global entre sindicatos, partido do goberno e partidos da oposición para evitar o descarrilamento dos pasos dados de cara a normalización política en España. Por outro lado, estaba a actividade da banda terrorista ETA que neses anos comete numerosos atentados (“os anos de plomo”) sobre membros das forzas armadas. A pesar da recén estreada autonomía vasca, as accións terroristas foron a máis creando un profundo malestar entre o exército e os sectores inmovilistas da sociedade española. Cada funeral polos asasinados era unha ocasión da ultradereita de manifestarse en contra do goberno. O proceso autonómico era visto neses sectores ultra como unha provocación contra a unidade de España. Isto viña a engadirse á desconfianza que o exército tiña sobre Adolfo Suárez dende a legalización do PCE en abril de 1977 e á aprobación de medidas como a lei do divorcio que enconou os ánimos da xerarquía da Igrexa católica e os sectores máis conservadores da UCD.

Neste ambiente de construción dunha democracia, Adolfo Suárez viuse acosado tanto pola esquerda (PSOE) que lle chega a plantear unha moción de censura en 1980, e pola dereita (AP), de

xeito que a súa supervivencia política estaba moi complicada, máxime se o seu propio partido comeza a darlle as costas de xeito que como formación acabou por implosionar nun ambiente político no que había rumores de golpe de Estado.

Esta situación política extrema obrigou a Adolfo Suárez a presentar a súa dimisión ante o rei en xaneiro de 1981. O 23 de febreiro, mentres se estaba producindo a votación no Congreso de Deputados para **investir presidente do goberno a Leopoldo Calvo Sotelo, tamén da UCD**, un grupo de Gardas Cívís ao mando do **Tenente Coronel Tejero** ocupan a cámara á espera que un mando de maior rango pase a encabezar o **golpe de Estado**. En paralelo, en Valencia, Miláns del Bosch saca os tanques ás rúas e impón o toque de queda. Segundo os golpistas o rei está informado de todo, dando a entender a súa complicidade no golpe, pero finalmente fracasa pola intervención pública do monarca no que declara a súa adhesión á democracia recién creada e condena a acción dos militares golpistas. Esta intervención televisada impediu a incorporación de novas unidades ao golpe e obrigou aos golpistas a entregarse. Ese día confluiron dúas tramas, unha a protagonizada por Tejero, xa condenado anteriormente por outra intentona en decembro de 1978 (Operación Galaxia), vencellado a sectores inmovilistas do bunker franquista, e a outra na que estaba implicado o xeneral Armada da que saíra un goberno de concentración nacional. As manifestacións na rúa ao día seguinte respaldando a democracia por parte da sociedade española e a posterior vitoria do PSOE en outubro do 82 alonxaron para sempre as tentacións golpistas do sector máis conservador do exército.

A vitoria por maioría absoluta do PSOE, en outubro de 1982, permitiu aos socialistas volver ao goberno do país dende a Segunda República. Este PSOE estaba liderado por **Felipe González**, quen asumiu a Presidencia do Goberno e por Alfonso Guerra, ambos sevillanos, e que en anos anteriores conseguiron unha renovación da cúpula dirixente do partido e a aceptación da renuncia do marxismo en favor das posturas socialdemócratas en sintonía con outros partidos socialistas de Europa. Abandonar o marxismo permitiu ao PSOE vencer nas eleccións de outubro de 1982 aproveitándose da desintegración da UCD e despertando unha vaga de entusiasmo e de cambio político en España.

Unha vez no poder os socialistas tiveron que enfrontarse aos problemas herdados da etapa anterior e poñer en marcha un **programa modernizador e reestruturador do país**. En economía puxeron en marcha unha **reconversión industrial** que afectou fundamentalmente aos sectores

maduros da industria: naval e siderúrxica. Esta medida poñía fin aos anos de investimento do Estado na economía, avanzaba na idea dunha flexibilidade laboral e produtiva á par que unha modernización tecnolóxica necesaria para adaptarse ás necesidades do mercado. As rexións máis afectadas foron as do norte de España onde houbo unha forte contestación social. Outra medida era a **modernización e renovación do exército** para alonxar a pantasma do golpismo. O PSOE que, no ano no que a UCD meteu a **España na estrutura militar da OTAN**, manifestou a súa oposición, agora estaba a favor de manter a España dentro da organización militar. Outras medidas salientables tomadas nesta etapa son a **reforma educativa e universitaria, a aprobación da lei do aborto e o deseño dunha política exterior** con tres piares básicos: a relación con Europa, extremar unha boa veciñanza con Portugal e Marrocos, fortalecer os lazos con Latinoamérica e manter moi boas relacións con USA así como reclamar a devolución de Xibraltar. Na idea de **entrar na CEE, o 1 de xaneiro de 1986**, comezamos a formar parte desta organización económica o que impulsou o proceso de europeización de España, a consolidación da democracia, unha oportunidade de modernizar o sistema produtivo español para adaptarse a un entorno de elevada competitividade e a chegada de axudas europeas para modernizar as nosas infraestruturas viarias. Cos socialistas prodúcese unha posta en marcha do Estado de Benestar e un impulso do Estado das autonomías co seu proceso de transferencias de competencias do Estado central ás autonomías.

Os socialistas venceron por maioría absoluta as eleccións dos anos 1986 e 1989, debendo chegar a acordos cos nacionalistas cataláns e vascos nas do ano 1993. Neste tempo o país camiñou por unha senda de crecemento económico que tivo o seu momento culminante no ano **1992, cando se celebraron os Xogos Olímpicos de Barcelona e a Expo de Sevilla.** España aparecía ante o mundo como un país cunha democracia consolidada e moderno. Despois dos fastos do ano 1992 comezou un **período de crise económica que unido ao descredito do PSOE** en casos de corrupción por financiación ilegal (caso Filesa), práctica de terrorismo de Estado contra ETA (os GAL), apropiación indebida dos fondos reservados para a loita contra o terrorismo por parte de altos cargos do Ministerio de Interior (caso Roldán) levaron a súa **derrota electoral no ano 1996 a mans do Partido Popular de José María Aznar.**